



Mércores, 6 de novembro de 2019



Biblioteca Fina Casalderrey
CEP Plurilingüe Igrexa-Valadares

Queridos amiguiños e amiguiñas!

Este ano as miñas vacacións prolongáronse un pouco, pero volvo con moita enerxía e cun novo *look*, agardo que sexa do voso agrado.

Antes de nada quero darvos as grazas pola vosa participación na exposición de cabazas que, como todos os anos, tivo un gran éxito.

Teño moiás ganas de comezar a investigar isto da "nutrición" e creo que a mellor forma será empezar cunha busca de libros relacionados co tema na nosa biblio. Por cada libro atopado e entregado aos responsables nas horas do patio, recibiredes unha pequena gratificación.

O 20 de novembro de 2017 conmemórase o Día Universal da Infancia. Propónovos que decoredes un personaxe dos que estarán a partir de hoxe á vosa disposición na Biblioteca, para entregar antes do martes 19 e poder crear un mural para ese día tan importante.

Podedes decoralo con diferentes texturas, engadirlle teas, outros papeis... para transformalo nun personaxe relacionado coa alimentación.

Por outra banda quero invitarvos a participar comigo no **XII Concurso "Outono Literario"** deste ano. Vouvos explicar, é moi sinxelo.

Propónovos cocinar unha receita con froitos deste tempo, con axuda da familia, claro está. É moi divertido axudar na cociña e logo ver o prato rematado e listo para degustar.





Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Mércores, 6 de novembro de 2019

O concurso ten dúas partes:

- ✓ Escribir a receita.
- ✓ Elaborar o prato e traelo ao colexió o día da degustación.

As bases estarán á vosa disposición proximamente na nosa queridísima biblio.

Que vos parece, animádesvos?

Pois faládeo na casa, poñede o mandil e a cociñar!

Non me quero despedir sen comunicarvos que pronto teredes dispoñibles as mochilas viaxeiras.

Unha aperta de outono,